

LUÍS PIMENTEL

Desde cedo, en Lugo, onde viviu case toda a súa vida, entrou en contacto con artistas, músicos e escritores. En 1914 desprazouse a Compostela, onde asinou os seus primeiros versos en español, para estudar Medicina. En 1922 trasladouse a Madrid para realizar o doutoramento e alí participou do ambiente cultural da cidade, sobre todo na Residencia de Estudiantes, onde coincidiu con figuras da Xeración do 27 da literatura española: Lorca, Buñuel, Dalí ou Baroja compartiron tempo e espazo co noso homenaxeado. Xa en 1927, de regreso a Lugo, entrou a formar parte da directiva do Círculo das Artes da cidade e creou a sección "De mi Tagebuch", na revista *Ronsel*, onde publicou prosas e poemas en castelán. Uns anos despois, conseguiu a praza como médico no Hospital Municipal, pero continuou mantendo relación, por correspondencia, co mundo literario de Madrid: Dámaso Alonso ou Vicente Aleixandre compartían cartas con el. Ao mesmo tempo, coidou a súa amizade cos autores galegos, especialmente con Ánxel Fole, asintindo aos faladoiros e colaborando con publicacións como *El Progreso*, *Garcilaso* ou *Espadaña*.

Aínda que moitos dos versos de Pimentel foron traducidos ao galego por amigos como Ramón Piñeiro ou Ánxel Fole, boa parte da súa obra foi escrita en castelán. No seu único libro publicado en vida, *Triscos* (1950) empregou, no entanto, a nosa lingua. A este seguiu o poemario póstumo *Sombra do aire na herba* (1959), considerado a súa obra máis importante e, a seguir, a obra en castelán *Barco sin luces* (1960). Xa en 1981, o volume *Poesía enteira* recollería os seus traballos inéditos. É aí onde se encontra o poema galego "Cunetas", espello do horror e a crueldade da guerra, un momento da historia moi presente na súa obra.